

I. SONS, FONEMAS E LETRAS

Os **sons** son unidades fónicas concretas pronunciadas por cada individuo nos diferentes actos de fala, pero os falantes, ao emitiren un enunciado, tentan axustarse a uns modelos ideais dos sons. Eses modelos son os fonemas.

Os **fonemas** son, pois, as unidades lingüísticas mínimas de carácter abstracto que funcionan na lingua como imaxes mentais dos sons. Trátase de unidades distintivas, que carecen de significado propio pero serven para diferenciar palabras: *bala/sala/mala bala/bóla/bola*.

Os fonema pode realizarse na fala con diferentes sons ou **alófonos**: non pronunciamos, por exemplo, exactamente igual os dous *d* de *dado*.

Na escrita, os fonemas represéntanse con **letras** ou grafemas.

Os sons son estudados pola **fonética**, do estudo dos fonemas encárgase a **fonoloxía**, e da correcta utilización dos grafemas, a **ortografía**.

A transcripción fonolóxica faise entre barras: /a/ /b/ /r/...

II. O SISTEMA VOCÁLICO

1. Caracterización

Consta de sete vogais, que se clasifican conforme dous criterios: o modo de articulación ou **timbre** e o lugar articulación:

- **Segundo o modo de articulación ou timbre:**

- *pechadas*: /i/ /u/
- *medias*: *semipechadas*: /e/ /o/
semiabertas: /ɛ/ /ɔ/
- *aberta*: /a/

- **Segundo o lugar ou punto de articulación:**

- *anteriores ou palatais*: /i/ /e/ /ɛ/
- *posteriores ou velares*: /u/ /o/ /ɔ/
- *central*: /a/

A combinación do timbre e da localización dános en galego un **sistema triangular de sete vogais**, pero este varía conforme a acentuación e a posición:

- **En posición tónica**: aparecen as sete vogais: /i/ /e/ /ɛ/ /a/ /ɔ/ /o/ /u/.
O timbre das vogais medias mesmo serve para diferenciar palabras e tempos verbais: *oso/óso*, *ves/vés*, *cōme/come*
- **Nalgunhas sílabas pretónicas** poden aparecer, en contadas ocasións, as vogais medias, que diferencian parellas de palabras: *botar/votar*; *pegada/pegada*.
apresar/apresar; *poliña/po liña*.
- **En posición postónica**: o número de vogais redúcese a cinco : /i/ /E/ /a/ /O/ /u/
Nesta posición non hai palabras que se diferencien por teren /ɛ/ *en vez de* /e/ /ou

/ɔ/ no canto de /o/, xa que as vogais medias semiabertas e medias semipechadas, neutralízanse nos **arquifonemas /E/ anterior medio e /O/ posterior medio**.

- **En Posición átona final:** o sistema de vogais redúcese a tres: /E/ /a/ /O/ porque desaparecen as vogais pechadas /i/, /u/, agás nalgúns latinismos e estranxeirismos recentes: *mapamundi*, *campus*, *taxi*, *tenis*, *sexy*...Ou mesmo algunhas formas coloquiais: *bici*, *insti*, *Dani*...

2. OS PARES MÍNIMOS.

Son palabras que só se diferencian na abertura da vogal de grao medio:

/ɛ/	/e/	/ɔ/	/o/
<i>péga (obstáculo)</i>	<i>pega (ave)</i>	<i>ola (saúdo)</i>	<i>ola (recipiente)</i>
<i>pelo (verbo pelar)</i>	<i>pelo (substantivo)</i>	<i>bóla (esfera)</i>	<i>bola (peza de pan)</i>
<i>rego (verbo regar)</i>	<i>rego (substantivo)</i>	<i>bota(calzado)</i>	<i>bota(verbo botar)</i>
<i>bésta (arma)</i>	<i>besta (animal)</i>	<i>tomo(volume)</i>	<i>tomo (vbo tomar)</i>

3. COMBINACIÓNS DE VOGAIS:

- **Hiato.** Vogais contiguas en sílabas diferentes: *miúdo*, *baúl*, *oír*, *muíño*, *caíamos*.
- **Ditongo.** Agrupación de dúas vogais na mesma sílaba, sendo polo menos unha das vogais, pechada. O núcleo silábico é a vogal máis aberta e a pechada é a marxe silábica.
 - **Ditongo decrecente.** A segunda vogal é pechada): *comeu*, *cantou*, *oito*, *leite*. (Non se acentúan nas palabras agudas)
 - **Ditongo crecente.** A segunda vogal é máis aberta: *ambiente*, *frecuente*, *ciencia*; *cumio*, *femia*, *Manuel*. Na lingua oral tendemos a converter en hiatos estes últimos: **lin-gu-a (lin-go-a)* **Ma-nu-el (Ma-no-el)*
 - **Ditongo homoxéneo ou neutro.** Encontro de dúas vogais pechadas na mesma sílaba:. O núcleo é a vogal máis intensa e non se acentúan nas palabras agudas: *abriu*, *lingüista*.
- **Tritongo:** Combinación de tres vogais nunha sílaba, unha tónica aberta ou media e dúas pechadas. Aparecen en formas verbais (*denunciou*, *cambiei*), nalgúns plurais (*celestiais*) e nun reducido número de palabras, as máis delas derivadas co sufixo *-eiro*: *rueiro*, *vieira*, *frieira*. Estes últimos son, ademais, moi discutibles, pois na lingua oral adoitan pronunciarse como disilábicos: *ru-ei-ro*, *vi-ei-ra*, no canto de *ruei-ro*, *viei-ra*.

4. FENÓMENOS DE ALTERACIÓN VOCÁLICA:

Trátase de fenómenos de natureza dialectal ou coloquial.

4.1. No vocalismo tónico.

- **Metafonía.** Consiste na alteración do timbre etimolóxico da vogal tónica media por influencia da vogal final –o, que a pecha un grao: *mædo* > *medo*, *nɔvo* > *novo*; ou –a, que a abre un grao : *ɛla* > *ela*, *ɔra* > *hora*.

Este fenómeno pode afectar a todo o territorio galego (*sogro/sogra* ou caracterizar unicamente algunhas falas: *ɛla*, *hɔra* son características do bloque occidental.

- **Influxe dunha nasal.** Unha consoante nasal pode pechar un grao o timbre etimolóxico das vogais medias: *dɛnte* > *dente*, *fɔnte* > *fonte* .

4.2. No vocalismo átono.

Fenómenos de adición:

- **prótese.** Engádese unha vogal ao comezo de palabra: *arrodear*, *arrenegar*; *arradio*, *amoto* .
- **epéntese.** Engádese unha vogal no medio da palabra ou entre esta e o determinate: *feio*, *aldeia*, *soio*, *adimirar*, *a iarte*, *a ialma* .
- **paragoxe.** Vogal engadida no remate dunha palabra: *andare*, *mullere*, *ninguenhe*, *naie* (e paragóxico)

Fenómenos de supresión:

- **aférese** . Suprímese unha vogal ao principio de palabra: *inda*, *topar*.
- **síncopa.** Perda de vogal no medio: *vran*, *pra*, *zreixa*.
- **Apócope.** Suprímese ao final: *quer*, *parez* *Ouréns*.

Fenómenos de vacilación vocálica:

- **Asimilación.** Influencia da vogal sobre outra, acentuando a semellanza: *dazaseis*, *tanaza*.
- **Disimilación.** Influencia da vogal sobre outra, provocando a diferenza: *teléfano*, *menistro*.
- **harmonización vocálica.** As vogais pretónicas realízanse máis pechadas do que lles corresponde por influencia da vogal tónica : *pidir*, *pireira*, *a Curuña*; *queixón*.

- **labialización** producida por unha consoante labial ou labiodental: *somana, lovar*.

*Ten presente: no antigo exame de **Selectividade** acostumaban preguntar a abertura das vogais tónicas medias. Esta pregunta non se debe deixar nunca en branco, xa que sempre hai o 50% de posibilidades de acertar. 😊*

II. SISTEMA CONSONÁNTICO

1. CLASIFICACIÓN.

Son dezanove fonemas caracterizados segundo tres trazos distintivos: o modo de articulación, o punto de articulación e a sonoridade.

- **Conforme o modo de articulación:**

- **Oclusivas** (interrupción do aire ao pasar):

/p/ /t/ /k/ (casa, quente)

/b/ (hoa vida) /d/ /g/(galeguismo)

- **Fricativas** (o aire sae cun pequeno rozamento ou fricación):

/f/ /θ / (cocer, caza) /s/ /ʃ/ (xamón)

- **Africada** (articúlase como oclusiva seguida de fricativa):

/tʃ/ (chave)

- **Nasais** (parte do aire sae polo nariz):

/m/ /n/ (non) /ɲ/ (año) /ŋ/ (velar: unha, un amigo)

- **Laterais:**

/l/ / (palla)

- **Vibrantes:**

simple /r/ (caro) múltiple /r/ (carro)

- **Conforme o punto de articulación:**

- **Bilabiais:** /b/ /p/ /m/

- **Labiodental:** /f/

- **Dentais:** /d/ /t/

- **Interdental:** /θ /

- **Alveolares:** /s/ /n/ /l/ /r/ /r/

- **Palatais:** // /ɲ/ /ʃ/ / t ʃ /

Velares: /g/ /k/ /ŋ /

Nota: en galego existen **dous tipos de consoante nasal ene:** o **alveolar/n/(nube)** e o **velar /ɲ/ (Unha, pan)**

Excepcionalmente, o **-n** final é alveolar **/n/** cando ás palabras **non, nin, quen, ben, sen, tamén, alguén, ninguén** lles seguen os pronomes átonos **o(s), a(s): nono quero, taméno digo, ¿queno os levou?: /nonokero/ /tamemenodigo/**

- **Pola sonoridade** (vibración das cordas vogais ao emitilas) :
 - **Xordos.** Non vibran as cordas): /p/ /t/ /k/ e mais as **fricativas** e a **africada**
Para recordar: son xordos todos os fonemas da oración *fixeches patacas á cea.*
 - **Sonoros** hai vibración das cordas ao emitilas: **todos os restantes.**

2. CORRESPONDENCIA ENTRE GRAFEMAS E FONEMAS .

Os **grafemas** poden ser **letras** (a, b, s...) ou **dígrafos** (ch, gu, ll, qu, rr, nh).

O sistema ortográfico galego é bastante fonolóxico, pero non sempre hai correspondencia entre fonemas e grafemas, de aí os “problemas” de ortografía (houbo e hai quen defende unha escrita fonolóxica, cun grafema para cada fonema: *ke be ese ome...*). Vexamos os casos máis salientables:

1. No vocalismo non diferenciamos na escrita o timbre das vogais medias, a non ser cando levan til diacrítico. Así *home/ombro, Pedro/pedra*, fronte a *e/é, ves/vés*. Temos cinco letras para sete vogais.

2. No consonantismo:

h: non representa ningún fonema: /ø/. Só subsiste por razóns etimolóxicas en palabras que na súa orixe tiñan unha aspiración inicial.

b e v: representan un só fonema, /b/. Empréganse os dous grafemas por razóns etimolóxicas. O galego normativo mantén fidelidade á grafía etimolóxica.

g e gu: letra e dígrafo (ante as vogais palatais) para representar un só fonema /g/. O **gu** mantense por analoxía con outras linguas románicas. Se queremos representar a **gheada** podemos empregar o dígrafo **gh**: *amigho*.

C e qu (este ante vogal palatal) úsanse para representar o fonema /k/

A letra **k** só se emprega en estranxeirismos (*rock, folk, anorak...*) ou en abreviaturas (*kg, km* fronte a *quilogramo, quilómetro*)

X Representa dous fonemas: /ʃ/: *xamón, queixo*

/ks/: *exame, extensión.*

/ks/ é un grupo fonemático culto de orixe latina formado polos fonemas oclusivo velar e fricativo alveolar xordos, que adoitamos pronunciar como /s/.

Cando coinciden ambos fonemas na mesma palabra, representamos /ks/ coa letra **s**: *osíxeno, esixir, estranxeiro.*

O **n velar** /ŋ/ represéntase:

- co dígrafo **-nh-** en medio de palabra: *unha, algunha; inhumano.*
- coa letra **-n** en final de palabra: *un amigo, en Ourense, comen algo.*

j, k, y, w empregámolas en estranxeirismos e préstamos doutras linguas: *kiwi, keynesiano...*

IV CARACTERIZACIÓN DO SISTEMA CONSONÁNTICO.

Modo de art.// Lugar de art.		BILABIAL	LABIODENTAL	DENTAL	INTERDENTAL	ALVEOLAR	PALATAL	VELAR
Oclusiva	Sonora	/b/		/d/				/g/
	Xorda	/p/		/t/				/k/
Fricativa	Xorda		/f/		/θ/	/s/	/ʃ/	
Africada	Xorda						/tʃ/	
Nasal	Sonora	/m/				/n/	[ɲ]	/ŋ/
Lateral	Sonora					/l/	/ʎ/	
Vibrante	simple					/r/		
						/r/		

/b/: oclusiva, bilabial, sonora. Grafemas *b, v*

/d/: oclusiva, dental, sonora

/g/: oclusiva, velar, sonora. Grafemas: *g (+a,o,u)*, *gu (+e,i)*. Gheada dialectal

/p/: oclusiva, bilabial, xorda

/t/: oclusiva, dental, xorda

/k/: oclusiva, velar, xorda. Grafemas: *c (+a,o, o)*, *qu (+e,i)*, *k* (ab. e estranxei.)

/f/: fricativa, labiodental, xorda.

/θ/: fricativa, interdental, xorda. Grafemas: *z (final, +a,o,u)*, *c (+e,i)*. Seseo dialectal

/s/: fricativa, alveolar, xorda

/ʃ/: fricativa, palatal, xorda. Grafema *x*

/tʃ/: africada, palatal, xorda. Grafema *ch*

/m/: nasal, bilabial, sonora

/n/: nasal, alveolar, sonora

[ɲ]: nasal, palatal, sonora. Grafema *ñ*

/ŋ/: nasal, velar, sonora. Grafema *nh*

/l/: lateral, alveolar, sonora

/ʎ/: lateral, palatal, sonora. Grafema *ll* (moi escasa nos falantes)

/r/: alveolar, vibrante, simple. Grafema *r*

/r/: alveolar, vibrante múltiple Grafema *r* (inicial, despois de *n,s,l*) ou *rr*

EXERCICIOS DE FONOLOXÍA.

1. Indica o timbre das vogais e represéntaas fonoloxicamente.

- Xosé, ven axiña, que xa vén o tren, e se non vés, non o ves.
- Ti non ves que así non o fas ben? Ten máis ollo e menos présa!
- Onte veu preguntar polo teu sogro e pola túa sogra o home da tenda.
- O neno máis novo é algo moreno, pero o máis vello é roxo de todo e
- O pé deixou a pegada na pedra.
- Hoxe ceo fóra, mirando o ceo.
- Bebes e comes de máis e iso só serve para enfermar. A min non me gusta que bebas así.
- Hai que pór o corazón na loita se soñas con ser libre.

2. Indica o timbre da vogal tónica.: mozo, sorte, eles, elas, so, morta, sogro, longa, es, bota, aquel, coche, herba, ollos, tempo, quero, voz, certeza, terra.

3. explica a diferenza de significado destes pares mínimos: *presa / présa, só / so , pesca / pesca, bota / bota, fóra / fora.*

4. Caracteriza os fonemas consonánticos destas oracións:

- A pata da mesa é de ferro e a chave, de aceiro.
- Fun algunha vez a Laxe pero non o recordo e ti ben o sabes.
- Mercou un año e unha ovella que só come palla.

5. Define os fonemas destas palabras: *primaveraís, paxariños, exclusivamente, choque, asexaba, respectar.*

6. Di cantos fonemas e grafemas hai : *esas botas novas que tes non se ven por aquí.*

7. Sinala os ditongos, tritongos e hiatos.: *contribuír, ceo, bagoa, cambiou, fiestra, cambiou, peiteou. Indica de que tipo son.*

LÉXICO.

1. A ESTRUCTURA DAS PALABRAS: OS MORFEMAS

As palabras están constituídas por **morfemas**, que son as unidades lingüísticas mínimas dotadas de significado. Polo seu significado, os morfemas clasifícanse en:

- I. **Lexemas.** Achegan o significado léxico da palabra. Existen lexemas independentes (casa, coche, nada...) e lexemas dependentes (nen-, alt-...)
- II. **Morfemas.** Á súa vez, pode ser :
 - **Libres:** preposicións, conxuncións, pronomes, artigos, adverbios.
 - **Ligados.** Estes clasifícanse en:
 - **Morfemas flexivos ou gramaticais** (indican xénero, número e desinencias verbais)
 - **Morfemas derivativos** (forman novas palabras uníndose a os lexemas e completan o seu significado léxico). Poden ser:
 - Morfema derivativo prefixos.** Colócanse antes do lexema.
 - Morfema derivativo sufixos.** Situados detrás do lexema, dan lugar a novos significados e poden cambiar a categoría das palabras.

Entre o lexema e os sufixos existen nalgunhas palabras un fonema de unión denominado **interfixo ou infixo**; un elemento sen significación que evita cacofonías. En-s-anchar, nai-c-iña, can-c-iño

2. TIPOS DE PALABRAS CONFORME A SÚA ESTRUCTURA.

Simples: teñen un só lexema, que pode ir acompañado de morfemas flexivos de xénero e número. *Casa, mozos, rúa, pan, cans...*

Derivadas: constan de lexema e de morfemas derivativos (ademais de morfemas de xénero e número. *Rueiro, empanadas, terriña...*

Compostas: teñen dous lexemas (e morfemas de xénero e número) *tiratacos, paraugas, ollomol...*

Parasintéticas:formadas por derivación e composición ao mesmo tempo. (Paraugueiro). Tamén se consideran parasintéticas as palabras formadas pola combinación de prefixos e sufixos, en caso de que non exista na lingua prefixo con lexema ou lexema con sufixo: *em- pobr- ec-e-r (non existe *empobre nin *pobrecer), a-carici-ar, en-grand-ecer*

Palabras complexas: frases fixas formadas por palabras independentes noutros contextos pero que nese conxunto frásico non o son: *vichelocreco, fervellasverzas.*

3.1. DERIVACIÓN PREFIXAL E SUFIXAL

É a formación de palabras novas mediante sufixos ou prefixos. Tamén hai derivadas **regresivas**, as formadas por redución de verbo a substantivo, mediante a supresión do morfema verbal: *caza*, *mareo* (para identificarmos a palabra base ou primitiva convén ter en conta que a derivada adoita significar “acción ou efecto de” no canto de “substancia”).

PREFIXOS

Localízanse antes do lexema. Adoitan ser de carácter culto, de orixe grega ou latina, moitos deles eran preposicións en orixe:

Prefixos de orixe latina:

abnegar, absterse, antepasado, circumpolar, cisalpino, confraternidade, contraorde, deformar, descoñecer, disconformidade, estirar, exalumno, exclamar, explicar, extramuros, extrafino, incivil, ilexible, ingresar, embarcar, interdental, entremeter, interurbano, intramuscular, obxectar, opor, perdurar, postoperatorio, prenatal, prolongar, pronome, recuar, rearmar, reafirmar, retroactivo, subnormal, soportal, sobrealimentar, supersónico, transbordar, trasladar, transformar, ultracorrección, vicepresidente, visconde.

Prefixo de orixe grega:

asimétrico, apostata, apétala, analoxía, anfibio, antinéboa, apóstata, arquipélago, arcebispo, cataclismo, catálogo, diapositiva, diafragma, disimetría, endóxico, eutanasia, hipérbole, hipoderme, macrocefalia, metátese, microbio, ortografía, parateatral, periferia, simpatía, sinfónica teleobxectivo,

SUFIXOS

Aparecen despois do lexema. Hainos de dúas clases, **alterativos** e **derivativos**.

- **Alterativos** (diminutivos, aumentativos, despectivos, apreciativos): Achegan matices sen cambiar a categoría gramatical da palabra base:
 - **diminutivos:** *font-ela, port-elo;*
moitos destes hoxe están lexicalizados: *ciadela, costela, Lamela, Quintela, Partela, cort-ello, vilar-ello;*
moitos aportan algún outro matiz a maiores: *pequenecho, banquetta, rapazote, Pepucho.*
sufixo **-iño/-iña** é o de maior rendemento e pode aportar diversos valores amais do de diminutivo: *mesaña de noite, está moi clariño, ¡miña filliña!, ¡que xentiña!, ¡sentidiño!* Engádesse á palabra base de formas distintas: *casiña, saíña; cartonciño, naiciña* (con interfixo); *avoiño, cruciña.*
 - **aumentativos:** *fest-aza; cant-azo, cas-ona; hom-azo; zapat-ón.*
 - **despectivos:** *libr-aco; borr-alla; ri-acho; ferr-ancho; cas-ucha; cort-ello.*
- **Derivativos:** Forman palabras de significado diferente ao da palabra base e cambian a miúdo a categoría gramatical desta:
escaso/escasear; preguiza/preguiceiro; áncora/ancoradoiro; clara/claramente.

Na seguinte lista recóllense algúns dos sufixos máis utilizados e os seus principais valores:

Colectivos: Dan idea de abundancia, acumulación, multitude, agrupación:

Alumn-ado, band-ada, equip-axe, vel-ame, denta-dura, poem-ario, cabel-eira, are-al arma-mento, abe-leira, castiñ-eiro, piñeir-al, silv-eira, carball-eira, xest-al, anecdot-ario, foll-axe, canción-eiro, maquin-aria.

Locativos: Indican lugar, territorio onde se practica, vende ou garda algo:

Lavad-eiro, ancorad-oiro, comed-or, campan-ario, mexillo-eira, sal-eiro barr-eiro, can-teira, culler-ada.

Vexetais: *figu-eira, limo-eiro, mac-eira.*

Xentilicios: designan o lugar de orixe:

<i>Montañ-és</i>	<i>noi-és</i>	<i>rianx-eiro</i>	<i>brasil-eira</i>	<i>vil-ego</i>	<i>lim-ega</i>
<i>ourens-án</i>	<i>mariñ-á</i>	<i>ciudad-á</i>	<i>asturi-ano</i>	<i>cub-ana</i>	<i>urb-ano</i>
<i>Israe-lí</i>	<i>europ-eo</i>	<i>monfor-tino</i>	<i>chil-ena</i>	<i>ceut-í</i>	<i>cambad-és</i>
<i>Luc-ense</i>	<i>moscov-ita</i>				

Temporais: tempo que dura unha acción, época de realización dunha acción, tempo característico: *albor-ada, invern-ada, semen-teira, nordes-ía, invern-ía, outon-izo, primeirizo*

Profesionais: *barb-eiro, cart-eiro, polb-eiro, teced-eira, secretari-ado, funcion-ario, caza-dor, dent-ista, fraut-ista, telefon-ista, empres-aria, not-aría*

Sistema ou fenómeno: *consum-ismo, capital-ismo.*

Acción ou efecto:

Admira-ción, coitel-ada, cu-ada, cacic-ada, carpet-azo, camiña-ada, abunda-ancia, colabora-ción, mante-enza, fer-ida, engad-ido, coñece-mento, doe-nte, amola-dura, Queix-ido, fur-ado.

Axente: *agres-or, lavad-ora, abrazad-eira, adalgaza-nte*

Relativo a / caracterizador:

dent-ado, circunstanci-al, escol-ar, test-án, folgaz-ana, académ-ica, mar-eiro, estep-ario, calor-oso, fociñ-uda, agrada-ble(-bel), fala-deira, abus-ón, barb-udo, argall-ante, amare-lento, cheir-ento, air-oso, cobiz-oso, car-eiro, inocent-ada, trasnada, casad-eiro, persoal, razoa-ble, progres-ivo, rac-ista, infant-il ignor-ante, agres-ivo, agarim-oso, ris-oña, pillabán, láct-ea, ós-eo, bic-uda, mar-iña.

Repetición: *ul-iscar, durm-iñar, ped-ichar*

Tamén existe un procedemento especial de derivación que crea por **derivación regresiva**. Trátase de substantivos formados a partir de verbos, mediante a eliminación dos morfemas verbais (deverbais) O seu valor é de “acción ou efecto de”: *captura, entrega, venda, avance, peche, abandono, brinco, abaneo, cabreo, afán.*

OBSERVACIÓNS:

Moitas palabras inclúen entre o lexema e o sufixo elementos que non son propiamente interfixos:

vogal temática en derivados de verbos: *pens-a-mento, ped-i-mento...*

morfema de xénero nos adverbios en *–mente: mans-a-mente...*

O sufixo **–nte** únese á raíz dos verbos da primeira e segunda conxugación mediante a vogal temática do verbo orixinario: *crente, principiante*.

Cando o verbo é da terceira danse tres solucións:

ente: influente, reluciente

iente: conveniente, sobresaliente

inte: seguinte, oínte.

FAMILIA LÉXICA

Conxunto de palabras co mesmo lexema. Poden ser **regulares** (o lexema mantense invariable) ou irregulares, nas que o lexema muda ao combinar cultismo con voz patrimonial: *lúa, luar, lunático, Pedra, Pedroso, pedrada, pétreo, petrificar*. As familias léxicas serán estudadas noutro apartado.

Non debemos confundir familia léxica con **CAMPO SEMÁNTICO**: conxunto de palabras que comparten trazos semánticos ou *semas* (unidades mínimas de significado). Así, o campo semántico de “asento” está formado polas palabras que teñan o sema “moble que serve para sentar”. A partir desa característica, os diferentes elementos diferencianse por outros trazos semánticos, como “con respaldo”, “con patas”, etc.

3.2. COMPOSICIÓN

É a formación de palabras novas con máis dun lexema.

As palabras compostas poden ser **xustapostas** (os dous elementos conservan a súa forma plena: *socio-pedagógico, pasatempo*) ou **aglutinadas** (prodúcense alteracións fonéticas e só hai un acento: *cabodano, verdinegro augardente, puntiagudo*)

Merecen mención á parte as **neocompostas** ou **NEOLOXISMOS**, Palabras de recente creación, prestamos doutras linguas de recente incorporación (*software, hardware...*), acepcións novas de palabras antigas (*rato*) Designan conceptos de nova creación, normalmente dos ámbitos da tecnoloxía, da ciencia e da cultura. Destacan os neoloxismos eruditos, formadas maiormente por lexemas latinos e gregos moi rendibles nos campos científico e técnico. A palabra non existía como composta na lingua orixinaria, e, por regra xeral, non existe cada elemento autonomamente na lingua actual. Poden combinarse lexemas de distinta orixe: *agri-cultura* (latinos) *antropó-fago* (gregos) *auto-móvil* (grego e latino) *socio-loxía* (latino e grego) *alcohol-ímetro* (árabe e grego) *moto-cross* (latino e inglés)

Son neoloxismos eruditos: *ortodoxia, cefalalxia, paleolítico, bibliófilomelómano....*

SIGLAS E ACRÓNIMOS

As **siglas** son abreviaturas formadas polas iniciais de varias palabras: TVG, ONU, PSOE, ESO INEF, BOE, DOG, BNG... Ecríbense sen puntos

Os **acrónimos** fórmanse con máis letras cás iniciais das palabras que forman o sintagma Lense como palabras comúns: Diu (dispositivo intrauterino), Renfe, Fenosa, Inem... Só se escribe a primeira letra con maiúscula, debido á súa maior integración na lingua.

EXERCICIOS:

1.- Identifica e deduce o significado dos prefixos nas seguintes palabras (os do primeiro bloque son de orixe latina, os do segundo de orixe grega):

circundar, abnegar, descarado, disgregar, extrafino, extramuros, retrovisor, soportal, opor, vicepresidente, introvertido, desagradable.

amorfo, asimétrico, analfabeto, anfibio, aopóstata, dislexia, eufemismo, eutanasia, perímetro, hipoderme, hipertensión.

2.- Segmenta as seguintes palabras e identifica cada un dos elementos:

Monte, pensamento, fundamentais, independentemente, analfabeto, importantísima, irmáns, aneis, filosofía, teléfono, supetamente, piñeirial, rexurdimento, movemento, inexplicable, rexeneración, intolerable, internacional, perfectamente, sentimento, terminoloxía, verdadeiros, empanadas, antigripal, autolavado, encantamento, fabricante muradán, compostelá, librería, testán, republicano, rearmamento, inmoralidade, augardentoso, sapoconcho, matarratos, tirarrollas, vaivén,

3.- Identifica os lexemas das seguintes palabras e o seu significado (de orixe latina na primeira listaxe e grega na segunda):

- *omnipotente, ambivalente, pedicura, plurilingüe, radiografía, semicírculo, unísono, suicida, arborícola, fructífero, floriforme, ovíparo, carnívoro.*
- *aeronave, arqueoloxía, autobiografía, biblioteca, bioloxía, cacofonía, caligrafía, filoloxía, cronoloxía, hipopótamo, hemisferio, democracia, megalómano, melómano, políglota, paleolítico, panteísmo, pedagogía, quilómetro, psicoloxía, pseudónimo, xenofobia, teléfono, demagogo, neuralxia.*

4.- Analizade as seguintes compostas:

claroscuro, solpor, abrelatas, gardacostas, lavalouza, chuchamel, rañaceos, sapoconcho, beirarrúa, aninovo, luscofusco, anglosaxón, benestar, maleducado, pasadomañá.

5.- Clasifica as seguintes palabras segundo a súa estrutura:

caracois, tirarrollas, parasol, paporrubio, cadeira, preguiceiro, paraugueiro, picapedreiro.

IV. VOCES PATRIMONIAIS, CULTISMOS E SEMICULTISMOS

Voces patrimoniais. Son as palabras que están presentes no galego desde as súas orixes latinas e foron sufrindo ao longo do tempo todas as evolucións fonéticas: *peito*<pectu, *troita*<tructa, *vea*<vena, *soar*<sonare, *voar*<volare, *xear*<gelata, *roda*<rota, *lago*<lacu, *cheo*<plenu, *chama*<flamma, *chamar*<clamare.

Cultismos. Son as formas que entraron tardiamente na lingua e non sufriron os cambios fonéticos, adaptándose simplemente á estrutura fonolóxica do galego: *reclamar*, *rotatorio*, *flamíxero*, *pleno*. Son moi abondosos no léxico das ciencias e das artes.

Semicultismos. Son as palabras que se incorporaron tardiamente e sufriron unha evolución incompleta: *praga*, *preamar*, *crego*, *regra*.

Unha **familia léxica irregular** é a formada por voces patrimoniais e cultismos da mesma orixe: *articular/artello/artigo*.

Repara nestas familias léxicas irregulares:

- *lúa*, *lunático*;
- *persoa*, *personaxe*, *persoal*, *persoeiro*, *personalizar*;
- *xeral*, *xeneral*, *xeneralidade*, *xeneralizar*;
- *segredo*, *secreto*;
- *soar*, *consoante*, *resonancia*, *consonantismo*;
- *dor*, *adoecer*, *doloroso*, *doído*, *indolencia*;
- *lume*, *iluminar*, *alumar*, *iluminación*;
- *só*, *soidade*, *soamente*, *solista*, *solitario*.
- *clavícula*, *caravilla*, *chavella*;
- *chea*, *prea(mar)*, *plena*;
- *chan*, *plano*;
- *chave*, *clave*;
- *cóbado*, *cúbito*;
- *ombro*, *úmero*;
- *leite*, *lácteo*;
- *chuvia*, *pluvial*;
- *noite*, *nocturno*;
- *dereito*, *director*;
- *mestre*, *maxisterio*.

NOTA: ver Ortografía.

V. LÉXICO E NORMA

A norma define a variedade estándar, o modelo convencional para os rexistros formais. As outras formas son **desviacións**:

1. **Vulgarismos** (os máis débense a determinados fenómenos fonéticos):

- ___ Prótese: amoto, apalpar.
- ___ Epéntese: soio, aldeia, a iauga, admirar, adiquirir, Ingalaterra.
- ___ Síncope: esprito, arbore, vran, para, grandismo.
- ___ Aférese: nemigo, maxinar, tar.
- ___ Apócope: verdá, caridá, virtú.
- ___ Paragoxe: mullere, ninguenhe.
- ___ Metátese: probe, cadavre.

Outros fenómenos: coluna, repunante, perfeuto; sasenta, direito, cireixa; derde, derfilar...

2. **Dialectalismos**, que poden ser:

- fonéticos: sapato(seseo) gható (gheada); truita, muito, cuando... ;
- morfolóxicos: a irmán, o irmau, os ladrois, iste, sigueu, colliu, colléstedes...

3. **Castelanismos**: Convén diferenciar os castelanismos aceptados como préstamos (*tortilla, bocadillo...*) daqueles outros, froito das interferencias lingüísticas, que son innecesarios e que hai que rexeitar. Estes son os coñecidos propiamente como castelanismos e que se dan nos diferentes niveis lingüísticos:

- ___ Fonéticos: non diferenciación de fonemas galegos (timbre das vogais medias...) acento (**atmosfera, *misil, *reptil, *parásito...*) grafía (**avelá, *abós, *boda*)
- ___ Morfosintácticos: xénero (**a sal, *a mel, *a costume...*); colocación errada dos pronomes átonos (**me dixo*); uso de **quenes, *estos, *esos...*; uso incorrecto de formas verbais compostas (**había feito*) ou de perífrases (**van a comer*); empregar como reflexivos verbos intransitivos (**caeuse pola ventá*) ou verbos con obxecto directo (**lavouse a cara*)
- ___ Léxicos: hainos evidentes (**ejemplo, *garaje...*) e outros que se adaptan fonéticamente ao galego (**conexo, *parexa, *antoxo, *axuntamento*). Moitos entraron antigamente e substituíron no galego popular a forma xenuína (**Dios, *iglesia, *rodilla, *jueves...*) Outros reducen o uso das formas exclusivas galegas cando hai outra común (*lágrima/beizos, feble/débil*). Hainos que substitúen a forma galega pola castelá (**cuchara, *cuchillo, *carretera, *según, *hacia...*) e algúns restrinxen o significado da forma galega (*billa/*grifo, vasoira/*escoba, tixola/*sartén, ollomol/*besugo...*). A diglosia non é allea a moitos destes castelanismos.

4. **Hipergaleguismos** ou **hiperenxebrismos**: creación de formas aparentemente galegas por practicar en exceso o diferencialismo co castelán:

- *convinte, *brilar, *hourizonte, *humán, *primaveira...; *escea, *ordear, *abandoar, *zoa, *persoaxe...; *ambiente, *inconvinte...; *humán, *americán,*

**urbán; *mediciña, *gasoliña; *sincero, *primaveira; *refrexo, *direición, *ausoluto...; *a pesares, *nascen...*

VI. PRÉSTAMOS

Son vocábulos incorporados doutras linguas, adoito por viren canda realidades ou conceptos novos (cómpre rexeitar os **barbarismos**, os que se empregan substituíndo termos que xa temos).

Conforme o xeito de se acomodaren ao galego, diferenciamos:

Estranxeirismos (incorporación do vocábulo sen adaptar):

- do inglés: folk, software, spray, hobby, rock, whisky, surf...;
- do francés: suite, argot, complot, ballet...;
- do italiano: allegro, adagio, graffiti, pizza, spaghetti...;
- do xaponés: karaoke, karate...;
- do castelán: bocadillo, sainete, guerrilla, tortilla, cuadrilla...;
- do ruso: sputnik, soviet, vodka...

Adaptacións (acomódanse fonética, morfolóxica ou graficamente):

- do inglés: fútbol, xampú, váter, xersei...;
- do francés: carné, chalé, casete, fular...;
- do italiano: gueto, violonchelo, soneto...;
- do alemán: káiser, vermú...

Calcos (traducións do termo): fin de semana (de weekend), fóra de xogo (de offside), rato (de mouse)...

VII. RELACIÓN SEMÁNTICAS

1. SINONIMIA

Sinónimos totais ou **perfectos** (os dous termos significan exactamente o mesmo e son intercambiabes): *belo-fermoso; bágoa-lágrima; oculista-ofthalmólogo; ouriol-vichelocrego.*

Sinónimos parciais (os dous termos difiren nalgún trazo semántico ou matiz e non son intercambiabes en todos os contextos): *canto-canción; folio-folla.*

2. POLISEMIA E HOMONIMIA

Polisémicos (termos que teñen máis dun significado): *acordar* (espertar, lembrar, convir) *xeito* (maneira, habilidade, encanto, arte de pesca...)

Homónimos (palabras co mesmo significante pero distinto significado): *raiña, tea, queixo...* Hai dous tipos de homónimos:

Homófonos (homónimos orais, distínguense na escrita): *valor/balor* (valentía/mofo, barola); *vago/bago* (preguiceiro/uva)

Homógrafos (teñen a mesma escrita): *come* (presente) / *come* (imperativo) que se diferencian polo timbre da vogal tónica.

3. TERMOS CONTRARIOS (gardan unha relación de oposición no seu significado):

Complementarios (a afirmación dun supón a negación do doutro): *morto/vivo, macho/femia...*

Antónimos (difiren nun sema que indica magnitude na gradación): *frío/calor, grande/pequeno, alto/baixo, branco/negro...*

Inversos ou **recíprocos** (a afirmación dun implica a do outro): *mercar/vender, avó/neto, tío/sobriño, pagar/cobrar...*

4. **HIPERONIMIA** é a relación xerárquica entre un termo xenérico e varios específicos, e **HIPONIMIA** o caso contrario:

mamífero é **hiperónimo** de can, gato, coello, home...;

can, gato, coello e home... son **hipónimos** de mamífero;

á súa vez, *can, gato, coello, home...* son **COHIPÓNIMOS** entre si.